

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 5 DE SETEMBRO DO 2011.**

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día cinco de setembro de dous mil once, reúnese o Pleno deste concello.

**ASISTENTES:**

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M<sup>a</sup> Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González.

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M<sup>a</sup> Xesús Castro Calviño.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. María Margarita Canay Pintos.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Non asiste con excusa: D. Roberto Rivas Reboredo

**Orde do día:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
- 2.- CONTA XERAL 2010
- 3.-FESTIVOS LOCAIS 2012
- 4.-PROXECTO BASICO LIÑA DE ALTAS PRESTACIONS A GALICIA.TRAMO OURENSE VIGO.SUBTRAMO:CERDEDO BARRO.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

**1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión do Pleno de data 28 de xullo de 2011, non se formulan observacións, resultando aprobada por unanimidade.

## **2.- CONTA XERAL 2010**

A seguir dase conta da Conta Xeral do exercicio 2010 que consta da documentación preceptiva.

-A Conta Xeral do exercicio de 2010 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 13 de abril de 2011 e someteuse a información pública mediante publicación de anuncio no Taboleiro de Edictos e no B.O.P. nº 83 do 2 de maio de 2011, sen que se formulasen alegacións á mesma.

-Consta xunto coa documentación do expediente da Conta Xeral informe económico financeiro detallado do Secretario Interventor no que entre outros aspectos se da conta da existencia dun remanente líquido de tesourería para gastos xerais negativo por importe de -1.347.595,26 € e o remanente de tesourería total de -792.984,21 euros e recóllense as previsións do art. 193 do Rdl. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 105 do R.D. 500/90 sobre medidas a adoptar no caso de remanente de tesourería negativo, as medidas legais contra a morosidade, e a falta de concreción do plan de saneamento.

-Tamén consta no expediente da Conta Xeral o preceptivo informe coa relación de reparos efectuados polo Secretario Intenventor en base o previsto no art. 218 do Rdl. 2/2004 no que se sinala que o órgano interventor elevará informe ó pleno tódalas resolucións adoptadas contrarias ós reparos de intervención. A relación de reparos reflexa o reiterado incumplimento da lexislación aplicable na xestión do gasto e na tramitación dos expedientes.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abraldes sinalando o voto en contra do seu grupo tendo en conta a xestión do Sr. Alcalde con importantes eivas que supoñen dificultades para facer fronte as obrigas do concello.

O Sr. Sanmartín Soto, anuncia a abstención do seu grupo.

Sometido o asunto a votación, acordase co seguinte resultado: 6 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo e Sr. Alcalde (PP), 2 votos en contra ; votan os Sres. Fernandez Abraldes e Castro Calviño (BNG) e 2 abstencións; votan Sr. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

Primeiro.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2010 nos termos e cifras nos que foi redactada e co seguinte resumo:

<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO a 31/12/2010</b>			
	<b>DERECHOS RECONOCIDOS</b>	<b>OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS</b>	<b>AJUSTES RESULTADO PRESUPUESTARIO</b>
<b>a. Operaciones corrientes</b>	<b>1.694.518,65</b>	<b>1.751.575,37</b>	<b>-57.056,72</b>

b. Otras operaciones no financieras	489.150,15	601.420,26	-112.270,11
<b>1. Total operaciones no financieras (a+b)</b>	<b>2.183.668,80</b>	<b>2.352.995,63</b>	<b>-169.326,83</b>
2. Activos financieros	0.00	0.00	0.00
3. Pasivos financieros	0.00	77.163,78	-77.183,78
<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO</b>	<b>2.183.668,80</b>	<b>2.430.179,41</b>	<b>-246.510,61</b>
<b>AJUSTES:</b>			
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos gral.			0.00
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			0,00
6. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio		44.996,06	
<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO</b>			<b>-291.506,67</b>

### REMANENTE DE TESORERÍA a 31/12/2010

		2010
1. (+) Fondos líquidos		185.779,41
2. (+) Derechos pendientes de cobro		566.359,69
(+ del Presupuesto corriente	154.429,98	
(+ de Presupuestos cerrados	456.106,57	
(+ de operaciones no presupuestarias	209,70	
(-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	44.386,56	
3. (-) Obligaciones pendientes de pago		1.545.123,31
(+ del Presupuesto corriente	522.777,89	
(+ de Presupuestos cerrados	701.199,41	
(+ de operaciones no presupuestarias	385.816,44	

(-) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	64.670,53	
I. Remanente de tesorería total (1 + 2 - 3)		-792.984,21
II. Saldos de dudoso cobro		291.434,13
III. Exceso de financiación afectada		263.176,92
IV. Remanente de tesorería para gastos generales (I - II - III)		-1.347.595,26

Segundo.- Rendir ó Consello de Contas copia da Conta Xeral do 2010 aprobada e dentro dos prazos establecidos no artigo 204 e 223 do RDL 2/2004 citado.

### **3.- FESTIVOS LOCAIS 2012**

O Alcalde dá conta do escrito recibido do Servizo de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, no que nos dan traslado do Decreto 128/2011, do 30 de xuño (DOG núm. 127, do 4 de xullo) polo que se determina o calendario laboral para o 2012 da Comunidade Autónoma de Galicia e có obxecto de que se faga a proposta de festas locais de conformidade co artigo 37.2 do Rd. 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do R.D. 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do R.D. 1561/1995 do 21 de setembro.

A Corporación Municipal, por unanimidade ACORDA:

Primeiro.- Fixar os días 15 de xuño de 2012 (Festa do Viño) e 5 de outubro de 2012 (Romaría de San Breixo), como festivos locais para o exercicio 2012.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo.

### **4.- PROXECTO BASICO LIÑA DE ALTAS PRESTACIONS A GALICIA.TRAMO OURENSE VIGO.SUBTRAMO: CERDEDO BARRO.**

Polo Sr. Alcalde dase conta do envío feito pola empresa G.O.C. S.A. adxudicataria pola D. X. de Ferrocarriles do Ministerio de Fomento da redacción do proxecto basico **LIÑA DE ALTAS PRESTACIONS A GALICIA.TRAMO OURENSE VIGO. SUBTRAMO: CERDEDO BARRO** entre os PP.KK 29+000 mediante escrito de data 26/08/11 no que solicitan información sobre instalacións, camiños, servizos afectados así como planeamento vixente e información catastral.

Xunto co escrito aportan planos do Estudio Informativo do proxecto de data xuño 2009, en concreto o plano nº1, follas 10 a 18 co título Documentación Complementaria para Avaliación do Impacto Ambiental Planta de Trazado.

Por acordo plenario de data 25/10/07 aprobouse a presentación de alegacións o trazado proposto no estudio informativo **"Proyecto de Línea de Altas**

**prestaciones a Galicia. Tramo Ourense-Vigo"** e aclara que as alegacións presentadas polo concello de Barro coinciden basicamente no seu plantexamento coas demandas da Plataforma

En sesión plenaria de data 16/04/10 adoptouse novo acordo en relación coas demandas plantexadas no periodo de alegacións que non foron recollidas na Resolución de aprobación do estudo de Impacto Ambiental publicada no BOE nº 64 de data 15/03/10.

Consta no expediente acordo plenario unanime adoptado en sesión de data 20/05/2010 que se transcribe.

*Primeiro.- Reiterar ó Ministerio de Fomento as demandas das alegacións formuladas polo concello no trámite de información pública e as observacións realizadas despois da publicación da Resolución de aprobación do Estudio de Impacto Ambiental.*

*Segundo.- Prestar o apoio da corporación as demandas da PLATAFORMA SALVEMOS BARRO-PORRANS e a manifestación convocada contra o trazado do AVE Ourense Vigo polo concello de Barro para o día 30 de maio de 2010.*

O Sr. Alcalde sinala que os planos enviados pola empresa adxudicataria da redacción do proxecto básico xa son coñecidos polo concello pois tratase do mesmo trazado que se incluiu no estudo informativo e na declaración de impacto ambiental. Continua a su intervención sinalando que os planos do trazado non conteñen a escala axeitada que permita facer unha valoración detallada dos servizos afectados como é o caso de camiños, accesos as fincas, traídas de auga veciñais. Compre insistir na afección que o trazado proposto supón para os núcleos do concello e en concreto para os núcleos de Triabá e Porráns que se verían totalmente hipotecados na súa calidade de vida, no seu desenvolvemento urbanístico e social, afectaría a elementos emblemáticos do patrimonio cultural como é o caso do Pazo da Torre e a casa de Amor Ruibal, e menoscabaría o valor económico e empresarial da zona.

Sr. Fernandez Abraldes, mostra a coincidencia co Sr. Alcalde na imposibilidade de definir os servizos que se verán afectados a partir dun trazado sobre os planos como o que foi remitido ó concello e insiste en que non é admisible a afección que suporía este trazado para núcleos como Porráns e Triabá, cando se poden plantexar outras alternativas viables que non afectarían a núcleos de poboación.

O Sr. Sanmartín Soto, mostra tamén a súa disconformidade co trazado polo impacto sobre nucleos do concello

A Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Reiterar ó Ministerio de Fomento as demandas feitas o PROXECTO DE ALTAS PRESTACIONES A GALICIA. TRAMO OURENSE VIGO a través das alegacións presentadas no período de información pública do Estudio Informativo e na fase de consultas e información pública da Avaliación do Impacto Ambiental polo concello, os veciños e a PLATAFORMA SALVEMOS BARRO-PORRANS sobre a afección do trazado para o territorio do concello de Barro e

varios núcleos habitados das parroquias do concello.

Segundo.- Reiterar a necesidade de elaborar un novo trazado alternativo da línea do tren de altas prestacións que evite a afección ós núcleos habitados do concello de Barro.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo.

A sesión rematou ao fío das vinteunha horas quince minutos. Dou fe.